

Iraq: a caixa de Pandora

Ivo Simão Mesquita Sobral

Pandora, na mitoloxía grega, representa a muller creada por orde de Zeus que, por curiosidade, abre o vaso onde Zeus tiña aprisionados todos os males do mundo. A situación actual de Iraq seguramente non é a causante de todos os males do mundo, pero podemos dicir que neste país a caixa de Pandora está aberta xa hai moitos anos.

“You who have experienced the discomforts of this world, and who know your own incapacities, and who have seen how when a thorn enters your foot and makes it septic, or the worm stones of the ground burn it, you take the pain. So how will it be when you are between two walls of fire⁽¹⁾” / (Vós, que tedes experiencia cos pesares deste mundo e que coñecedes as vosas propias limitacións, e que xa vistes que unha espiña que se mete nun pé fai que se infecte, ou que cando as pedras quentes do chan o queiman sentides dor, entón, como será cando vos encontredes entre dous muros de fogo?).

Estas eran unhas palabras de Amir Al-Muminin Ali, ou Imán Ali, o gran líder xiíta que hoxe continúa a ser venerado polos xiítas, a poboación maioritaria en Iraq.

A dor que Iraq continúa a provocar no seo das forzas occidentais é unha dor xa outrora sentida. É a dor sentida no Líbano e en Irán. Nestes dous casos, Occidente retirouse e asistiu aos acontecementos de maneira pasiva, coas consecuencias xa coñecidas. A dor é unha realidade da vida, e soamente aceptándoa poderemos superala, sen esquecer nunca a que é provocada polos nosos erros.

Iraq representa hoxe un desafío e, ao mesmo tempo, unha incógnita para a comunidade internacional. Como toda a zona do Oriente Medio, Iraq constitúe un permanente desafío para calquera analista de relacións internacionais. A primeira regra que un especialista aprende sobre o Oriente Medio é a gran probabilidade de que as súas previsións sexan erróneas.

Esta é unha regra xeral para calquera analista, sexa cal sexa a rexión, pero tratándose do Oriente Medio, esta regra é aínda máis válida. O Oriente Medio, e neste caso Iraq, ofrece constantes leccións de humildade aos investigadores que se debuzan sobre esta temática relembando constantemente a falibilidade das súas previsións e análises.

Introducción histórica

Desde a súa constitución e formación como estado nación, Iraq representou un quebracabezas para o poder central. Inicialmente, os territorios que forman o actual Iraq eran tres “Vilayet” Otomanas: as provincias de Mosul, Bagdad e Basora. A

(1) *Heyate Tahririe Moasseseie / The Roots of Religion*, Rishahaie Din, Tehran 2002, p 247.

unión destas rexións, se ben só era unha unificación imaxinada, tornouse efectiva soamente co dominio británico da zona. A constitución do mandato inglés sobre Iraq non alterou o *modus vivendi* da rexión nin da súa administración; as tres rexións continuaban a vivir e a seren administradas independentemente unhas das outras, malia a Administración central inglesa. Os propios ingleses decatáranse destas grandes diferenzas entre as distintas rexións e procuraron sempre controlar os poderes e as institucións locais, usando o método de recoñecer o poder de algúns líderes locais. Este *modus operandi* británico foi particularmente obvio no sur de Iraq, onde o principio *Divide to Rule* foi usado, tanto co dominante clero xiíta como cos contactos coas diferentes tribos.

Dividir para conquistar foi igualmente unha regra seguida por Sadam Husein, particularmente no período que seguiu á Guerra do Golfo. Inicialmente, ata os anos 80, a técnica usada por Sadam Husein baseábase na construción dunha entidade colectiva iraquí; era unha das bandeiras do partido Baath, e o movemento panarabista era un dos seus piares. Co inicio da guerra contra Irán, a entidade e consciencia dunha nación iraquí foi reforzada, a costa dunha persecución contra os curdos iraquís. Durante a guerra Irán-Iraq as ideas máis reforzadas foran a identidade árabe e a noción de laicización do estado. Esta era unha clara resposta contra o islamismo iraniano, que posuía dous defectos esenciais: ser persa, e xa que logo, non era árabe, e ademais era musulmán xiíta. Esta última característica do inimigo iraniano era a que máis preocupaba a Sadam Husein, xa que o 80% dos soldados iraquís eran xiítas, de aí o de usar unha política de arabización e de secularización do réxime como medidas contrarias. Pero os soldados iraquís de orixe xiíta eran usados maioritariamente como carne de canón, mal armados e mal equipados⁽²⁾.

A laicización do poder político é unha das características de raíz do movemento Baath. Desde a súa ascensión ao poder en 1958, a separación de poderes entre relixión e poder político contribuíu á formación dunha clase media forte en Iraq, aínda que esta clase media era de relixión maioritariamente sunnita. Con Sadam Husein a división entre sunnitas e xiítas foi aumentada e encoraxada, principalmente tras a guerra con Irán. A partir da invasión de Kuwait en 1991, e das sucesivas revoltas xiítas e curdas, as persecucións do réxime aumentaran, tanto con respecto aos curdos, xa masacrados e perseguidos hai varias décadas, como con respecto aos xiítas.

O aparello de seguridade interna, e en certa medida a sociedade iraquí durante o réxime de Sadam Husein, era regulado para manter as compoñentes étnicas, relixiosas, culturais e incluso persoais en permanente conflito⁽³⁾.

(2) AL-MARASHI, Ibrahim: *The Struggle for Iraq: Understanding the Defense Strategy of Saddam Hussein*, Middle East Review of International Affairs, vol 7, nº 2, june 2003, pp 1-10.

(3) RABIL, Robert G: *The Making of Saddam Hussein Executioners: A Manual of Oppression for Procedures*, Middle East Review of International Affairs, vol 7, nº 1, march 2003, pp 38-50.

Realidades iraquís

Iraq posúe características que fan do país unha realidade particularmente difícil de prever, debido á gran variedade étnica, relixiosa e cultural. Estes tres factores crúzanse constantemente, o que aumenta as variábeis posíbeis.

En termos étnicos existen maioritariamente tres grupos: árabes, curdos e turcománs. Os árabes son entre 16 e 20 millóns, e poden ser divididos en tres grandes relixións: a de inspiración xiíta (do 65 ao 80%), a de inspiración sunnita (do 20 ao 30%) e finalmente a fe cristiá (menos do 5%). Os curdos son entre 3,6 e 4,8 millóns e son maioritariamente de fe sunnita, aínda que existen tamén franxas xiítas. Os turcománs presentes no territorio iraquí son entre 300 mil e 800 mil, e son case na súa totalidade de fe sunnita⁽⁴⁾. Pero a sociedade iraquí está ademais constituída por outro elemento de vital importancia: a cuestión tribal. Esta permanece como unha das “variábeis” máis difíciles de analizar. Sábese moi pouco do número e da efectiva identificación da poboación iraquí coas varias tribos, Iraq non é Afganistán.

Un dos grandes problemas endémicos iraquís é a aparente falta dunha identidade común iraquí. Esta cuestión deriva da diversidade étnica e relixiosa do país, aínda que a rexión actualmente coñecida como Iraq sexa hereditaria da outrora grandiosa Civilización Mesopotámica. Pero recentemente, os esforzos de construción dunha identidade iraquí forxaron unha clase media forte, aínda que, como veremos máis adiante, esta permanece ligada ao réxime de Sadam e, consecuentemente, aos seus erros.

A cuestión da falta de identidade é expresada polo monarca iraquí Faisal I xa en 1933: *“There is still... no Iraq people but unimaginable masses of human beings, devoid of any patriotic idea, imbued with religious traditions and absurdities, connected by no common tie, giving ear to evil, prone to anarchy, and perpetually ready to rise against any government whatever”*⁽⁵⁾ / (Non existe aínda un “pobo iraquí”, senón masas inimaxinábeis de seres humanos desprovistos de todo sentimento patriótico, imbuídos de tradicións relixiosas, e absurdos, sen ningún vínculo que os una, desexosos de seguir ao mal, propensos á anarquía e dispostos a erguerse contra o goberno, sexa o que for).

Comunidade xiíta

Os xiítas representan a gran maioría da poboación iraquí. Durante moitos anos representaron soamente a maioría silenciosa, perseguida, discriminada e embrutecida. No entanto, a fe xiíta ten unha estratexia particular, derivada das longas perse-

(4) PAOLINI, Margherita: *Vincere il Dopoguerra*, Limes, Rivista Italiana di Geopolítica, nº 2, 2003, pp 13-22.

(5) BYMAN, Daniel: *Constructing a Democratic Iraq. Challenges and Opportunities*, International Security, vol 28, nº 1, summer 2003, pp 47-78.

cucións que sufriran ao longo da historia. Esta estratexia denomínase *Taqiyya*, e consiste no uso da disimulación da fe xiíta cando esta é ameazada por un inimigo superior⁽⁶⁾. Calquera xiíta pode, neste caso, negar externamente a súa fe; deste xeito pode garantir a súa propia supervivencia e, por ende, a supervivencia da relixión⁽⁷⁾. Esta vía foi unha das usadas polo clero xiíta das cidades santas iraquís de Najaf, Karbala e Samarra. Aínda que algúns outros se refuxiaron nas cidades santas iranianas de Qom e Mashad. A cidade de Najaf foi outrora a cidade santa máis importante para os xiítas, soamente superada pola Meca. Nesa cidade encóntrase a tumba do Imán Ali, santo venerado polos xiítas. Pero a partir de 1979, Najaf perdeu peso a favor da cidade de Qom en Irán.

En 1980, Muhammad Baqir Al-Sadr, a maior autoridade relixiosa xiíta, foi executado polo réxime iraquí. Al-Sadr representaba, xunto con Ruhollah Khomeini, a elite dirixente da relixión xiíta. Para os xiítas non existe separación de poderes entre a relixión e o Estado. Tamén en 1980, Khomeini foi protagonista da revolución iraniana e puxo en práctica o principio xiíta de unidade relixiosa e política, posibilitando así a formación da primeira república islámica⁽⁸⁾.

Liderado

O liderado xiíta continúa a ser disputado maioritariamente por tres líderes relixiosos: Abd al-Aziz al-Hakim, Muqtadà al-Sadr e Ali al-Sistani. Os dous primeiros representan os sucesores menos acreditados, pero os dous teñen parentescos importantes, característica fundamental como acreditación política.

Abd Al-Aziz al-Hakim é irmán do Aiatolá Muhammad Baqir al-Hakim, que foi asasinado o 29 de agosto de 2003. Al-Hakim continúa a desenvolver a política seguida polo seu irmán, isto é, unha política de “*wait and see*”, que se basea nunha liña de non-violencia e de moderación fronte ás forzas da coalición americana. Por detrás de al-Hakim está o SCIRI (Consello Supremo para a Revolución Islámica en Iraq). Este partido foi creado a principios da década dos 80, con base no movemento formado por Muhammad Baqir al-Hakim denominado *Jamaiyat al-Ulama*⁽⁹⁾, movemento que foi posteriormente transformado no SCIRI gracias á axuda decidida do goberno iraniano. A influencia iraniana no SCIRI representa unha espada de dous fíos para o éxito do propio partido; de feito, o SCIRI é un dos partidos mellor organizados por contar co apoio iraniano, pero é

(6) TABATABAI, Muhammad Husayn: *Shi'a*, Ansariyan Publications, Qom 2002, p 223.

(7) Está igualmente relacionado co retorno do 12º Imán, que segundo a fe xiíta non morreu no 874 dC, só iniciou o “período da grande ocultación”. O retorno do Mahdi acontecerá na fin dos tempos para restaurar a paz e a xustiza.

(8) FOUCAULT, Michel: *Taccuino persiano*, Guerrini e Associati, Milano 2002. p 57. Ver tamén a obra de AL-SADR, Muhammad Baqir: *Lamhah Tamhidiyyah'an Mashru'Dustur-ij-Jumhuriyyat-il-Islamiyyah*, Beirut 1970.

(9) BATATU, Hanna: *Iraq's Undergrounds Shi'i Movements*, MERIP Reports nº 102, Islam and Politics, xaneiro 1982, pp 3-9.

este mesmo apoio o que prexudica a imaxe do SCIRI e, eventualmente, diminúe a súa penetración na comunidade xiíta iraquí.

Muqtadà al-Sadr, o neto de Muhammad Baqir al-Sadr⁽¹⁰⁾, representa a voz máis forte contra as forzas da coalición desde a chegada das tropas americanas a Iraq. Al-Sadr anunciou xa en outubro de 2003 que tiña formado un goberno alternativo ao constituído pola coalición afirmando: “xa chegou o tempo das forzas aliadas se retiraren. Non temos intención de esperar máis⁽¹¹⁾”.

Muqtadà al-Sadr é un mozo de cerca de 30 anos, que ao contrario da gran maioría do clero xiíta iraquí, permaneceu en Najaf durante a represión do réxime de Saddam Husein. Isto permitiulle establecer unha base de apoio forte no seo da comunidade xiíta iraquí, en gran parte debido ás numerosas obras de caridade que a súa familia estableceu para axudar ás poboacións locais⁽¹²⁾.

Said Ali al-Sistani é o *marja-e-taqlid* dos xiítas iraquís, ou sexa, a maior autoridade relixiosa. A vía usada por al-Sistani foi unha vía de diálogo e conciliación coas forzas da coalición. Este tipo de comportamento xerou un sentimento de insatisfacción entre os elementos máis radicais, como Muqtadà al-Sadr. De feito, en outubro de 2003 houbo violentas confrontacións en Kerbala entre as milicias de al-Sadr e os que apoiaban a al-Sistani⁽¹³⁾.

A dinámica da disputa de poder entre as distintas faccións xiítas xa comezou. Segundo as forzas norteamericanas, foi Muqtadà al-Sadr o que mandou organizar o asasinato de Muhammad Baqr al-Hakim, decapitando deste modo a máis forte oposición xiíta⁽¹⁴⁾. Por outra parte, as innúmeras revoltas xiítas iniciadas no mes de abril teñen como protagonistas as milicias armadas de al-Sadr, denominadas Gays al-Mahdi. Estas accións poden ter varias consecuencias posíbeis: a primeira pode ser consolidar e aumentar o liderado de al-Sadr, o que significa o fortalecemento da fronte xiíta e, como resultado, o aumento da hostilidade contra a coalición angloamericana; a segunda pode ser a fin de al-Sadr esmagado pola resposta dos Estados Unidos, o que significa que al-Sadr será transformado nun mártir (xa sexa vivo ou morto), e isto contribuirá igualmente a un aumento da hostilidade contra as forzas da coalición.

A revolución iraniana, coas respectivas diferenzas, pode ofrecer un exemplo da determinación xiíta e do modo en que o clero xiíta chegou ao poder. De todas as posibilidades políticas presentes en Irán en 1979, o clero xiíta aparentaba ser o menos organizado, e no interior do propio clero xiíta considerábase que os elementos radicais eran os que menos probabilidades tiñan de acceder ao poder. A clave desta mu-

(10) Fillo do Aiatolá Muhammad Sadiq Al-Sadr, xefe relixioso xiíta asasinado en 1999 pola policía secreta iraquí.

(11) FISHER, I.: *An Anti-American Cleric Declares His own Government*, New York Times, 12/10/2003.

(12) En Bagdad, a zona xiíta denominada Saddam City transformouse en Sadr City en honra do Aiatolá Muhammad Sadiq Al-Sadr.

(13) BERENSON, A.: *Iraqi Shiites Fight for two Mosques*, New York Times, 14/10/2003.

(14) A Administración americana acusa tamén a Al-Sadr de ser o promotor do asasinato de Abd-Al-Magid Al-Khoi, ocorrido o 10 de abril de 2003 na Mesquita do Imán Ali en Najaf.

danza foi o apoio popular e a figura do Aiatolá Khomeini, pero fundamentalmente foi a invasión iraquí a que permitiu que o clero iraniano gobernase e sobrevivise, porque o sentimento xeneralizado de nacionalismo que se creou contra o invasor alimentou e fundamentou as xerarquías xiítas. A base popular eran entón as franxas da poboación máis baixas, de orixe rural, e a poboación que habitaba nos barrios de chabolas das grandes cidades iranianas⁽¹⁵⁾.

O Iraq actual, de 2004, é o Iraq destruído e co tecido social devastado; os xiítas en particular encóntranse nunha situación xeneralizada de miseria e pobreza; a intervención americana é considerada unha invasión, e o gran perigo está na consolidación do nacionalismo iraquí liderado polo xiíta radical Muqtadá al-Sadr.

Cuestión sunnita

A comunidade sunnita representa a minoría étnica outrora dominante no país, e polo tanto, coa intervención americana viuse privada de todos os beneficios que pese a todo continuaba tendo co goberno de Sadam Husein. Durante o réxime iraquí, as elites dominantes do partido Baath eran maioritariamente de orixe sunnita. Isto significaba que en toda a sociedade esta característica é visíbel; desde o exército ata os funcionarios públicos, as posicións mellor remuneradas estaban ocupadas por sunnitas. A deposición do goberno de Sadam non pode cancelar inmediatamente os erros cometidos, e esta é a pesada herdanza de Sadam⁽¹⁶⁾.

Nos nosos días, a cuestión da inestabilidade iraquí concéntrase sobre a clase sunnita, debido, en primeiro lugar, a unha perda de poder real e a consecuente insatisfacción da poboación. En segundo lugar identifícase coa hostilidade do chamado “triángulo sunnita”. Nesta zona as realidades tribais sunnitas crúzanse cos que senten saudades do antigo réxime. Esta zona está situada entre as cidades de Baquba, Al-Ramadí, Bagdad, Falluga e Tikrit; a última é a cidade natal de Sadam Husein. Nos anos que seguiron á Guerra do Golfo de 1991, Sadam Husein iniciou unha transformación do aparello gobernativo iraquí, que consistía no recrutamento de efectivos da zona identificada hoxe como triángulo sunnita, e que tiña como obxectivo formar unha elite absolutamente fiel ao réxime. Estes pretorianos personificáronse na célebre Muhabarat, os servizos secretos iraquís, pero espallouse tamén á policía, ás forzas armadas e a todos os ministerios iraquís⁽¹⁷⁾.

Toda a zona ó norte de Bagdad é tradicionalmente de forte sentimento nacionalista, froito de décadas de continua política nacionalista atribuída ao partido Baath.

(15) ZAHEDI, Dariush: *The Iranian Revolution Then and Now*, Indicators of Regime Instability, Westview Press, Oxford 2000, pp 111-121.

(16) CHIOVENDA, Andrea: *Il Triangolo Nazionalista*, Limes, Rivista Italiana di Geopolítica, nº 5, 2003, pp 45-54.

(17) BARAM, Amatzia: *Neo-Tribalism in Iraq: Saddam Hussein's tribal policies 1991-1996*, International Journal of Middle East Studies, vol 29, nº 1, febreiro 1997, pp 1-31.

Nesta zona, e particularmente en toda a comunidade sunnita, existe un profundo sentimento de orgullo ferido, o que se traduce en ataques contra as forzas americanas presentes⁽¹⁸⁾.

Cuestión curda

O pobo curdo representa unha realidade cultural e étnica única no contexto iraquí. Tecnicamente é un grupo etnolingüístico iraniano, como os persas, lurs, baluch e bakhtiari. Pero a maioría dos curdos son musulmáns sunnitas, malia existiren aínda minorías de fe xiíta, de fe Yezid⁽¹⁹⁾ e tamén de relixión cristiá⁽²⁰⁾. No pasado, desde a constitución do estado iraquí ata a fin do réxime de Sadam Husein, a poboación de orixe curda foi perseguida, discriminada e sistematicamente eliminada. A persecución agravouse particularmente coa ascensión de Sadam Husein ao poder e durante a guerra Irán-Iraq. Soamente durante a operación denominada Al-Anfal, perpetrada polas forzas armadas iraquís, estímase que foron exterminadas máis de 180 mil persoas⁽²¹⁾.

En abril de 1991, no seguimento das revoltas curdas e xiítas, respectivamente ao norte e ao sur do país, instituíronse *no-fly zones* que constituíron áreas de protección contra os ataques do réxime iraquí.

Posteriormente, a propia Administración iraquí retirouse, posibilitando así a instauración dun goberno curdo. Actualmente, a rexión denominada Curdistán está dividida e gobernada por dous partidos: o KDP (Partido Democrático do Curdistán) e PUK (Unión Patriótica do Curdistán). Estes dous partidos, pese aos constantes conflitos e loitas de poder, constituíron en 2002 a KNA (Asemblea Nacional do Curdistán), e colaboraron en gran medida coa coalición angloamericana contra o réxime de Sadam Husein.

Desde 1991 a poboación curda iraquí obtivo unha relativa independencia e demostrou, malia as dificultades iniciais, ser capaz de crear un consenso político interno que conseguiu mellorar significativamente a calidade de vida da poboación, mesmo coas constantes presións de algúns países limítrofes que, ao sentirse ameazados coa creación dun estado curdo, impuxeron sancións e tentaron boicotear por todos os medios posibles o proceso democrático curdo. Estes países son Turquía, Irán e Siria. Todos teñen numerosas comunidades curdas nos seus territorios⁽²²⁾.

(18) CHIOVENDA, p 34.

(19) Yezid é a designación dada á relixión que practican algunhas poboacións curdas, que combina elementos islámicos con tradicións locais preislámicas.

(20) O'LEARY, Carole A.: *The Kurds of Iraq: Recent History, Future Prospects*, Middle East Review of International Affairs, vol 6, nº 4, decembro 2002, p 1.

(21) Esta operación foi supervisada polo xeneral Ali Hasan Al-Majid, un familiar achegado de Sadam Husein, tristemente coñecido como Ali o Químico. O caso máis documentado é o do ataque químico perpetrado contra a cidade de Halabja, en marzo de 1988, no que foron masacrados máis de 12.000 curdos.

(22) O'LEARY, pp 2-23.

As intencións curdas en Iraq apuntan cara a un aumento progresivo da súa independencia. Os dous líderes dos principais partidos, pola Unión Patriótica do Curdistán, Galal Talabani⁽²³⁾, e polo Partido Democrático do Curdistán, Massud Barzani⁽²⁴⁾, confirman que non queren un Curdistán que se espalle fóra das fronteiras iraquís, e tamén confirman a súa vontade de traballar unidos para o futuro do pobo curdo, pero todo isto dentro dun Iraq unido, onde os curdos estarán incluídos. No entanto, a importancia e a dimensión das reservas petrolíferas das cidades de Mosul e Kirkuk deixan na incerteza o destino do pobo curdo.

O futuro reserva algunhas incógnitas para o Curdistán.

A primeira incógnita é ata cando os partidos curdos KDP e PUK van manter o diálogo que ata agora foi decisivo para a estabilidade da área. A segunda cuestión é a relacionada co propio futuro de Iraq, a división do país ou o mantemento da unidade. Unha hipotética independencia curda podería desencadear unha reacción de Turquía ou de Irán.

A independencia virtual que o Curdistán obtivo a partir do ano 1991 posibilitou a apertura do diálogo entre as distintas faccións curdas e isto contribuíu en gran medida á creación dunha administración política local, democrática e representativa. Isto estableceu un exemplo a seguir para un futuro Iraq, pois as diferenzas foron superadas.

Concepto tribal

O outro grande plano onde a realidade social iraquí presenta a súa complexidade e variedade é o plano tribal. No pasado constituíu factores de equilibrio e de desequilibrio da sociedade iraquí, e tamén factores decisivos para o éxito dos distintos gobernantes que se sucederon en Bagdad.

Desde a Administración turca o factor tribal iraquí sempre é tido en consideración. Os distintos clans son comprados e os seus líderes seducidos, porque son representantes reais do poder local e dunha parte importante da poboación iraquí. A dominación británica logo comprendeu a dinámica iraquí e tamén dialogou e negociou coas tribos. A partir de 1991, o goberno iraquí iniciou unha verdadeira campaña de relacións coas distintas tribos, que constituía unha salvagarda para a continuación do réxime de Sadam. A pacificación de Iraq e a construción dun Iraq democrático soamente é posíbel co beneplácito das tribos locais. As tribos iraquís constitúen nalgúns casos “instrumentos naturais” da política iraquí que contribúen a unha maior estabilidade, así pois, gaña o xogo quen consiga ter na súa baralla estas cartas, as chamadas *wild card*.

(23) ANSALDO, Marco: *Entrevista con Galal Talabani*, “Noi curdi vogliamo un Iraq unito”, Limes, Rivista Italiana di Geopolítica, Quaderno Speciale nº 1, 2003, pp 45-48.

(24) ANSALDO, Marco: *Entrevista con Massud Barzani*, “Noi Curdi abbiamo diritto all’ indipendenza”, Limes, Rivista Italiana di Geopolítica, nº 2, 2003, pp 160-163.

Principais tribos iraquís

Tribos curdas sunnitas

Barzani: Antiga tribo localizada ao norte de Arbil, constitúe a base de apoio do Partido Democrático do Curdistán, liderado por Massud Barzani e organizado segundo unha lóxica de poder tribal.

Baradosti: Situada ao nordeste de Arbil, pode contar cunha válida e numerosa milicia. Os seus xefes tiveron contactos esporádicos co réxime de Sadam, mas co inicio do conflito apoiaron abertamente aos EUA.

Surchi: Esta tribo habita ao norte de Arbil, colaborou abertamente co réxime de Sadam Husein, axudou ao réxime a reprimir as revoltas curdas de 1991. No entanto, en 2002 aliouse co Partido Democrático do Curdistán, liderado por Barzani.

Harki: Antiga e potente tribo de Arbil, liderada por Jawhad Harki. Era o principal aliado tribal curdo do réxime de Sadam Husein; co inicio da guerra apoiou ao PDC e á UPC (Unión Patriótica do Curdistán).

Shaykhan: Localizada maioritariamente na zona de Sulaymaniyya, preto da fronteira iraniana, foi sempre aliada de Sadam e sempre estivo en conflito co PDC e a UPC. En 1991 axudou ás forzas iraquís a suprimir a revolta curda e xiíta.

Tribos árabes sunnitas

Tikriti: Esta é a confederación tribal formada por outras tribos. Sadam Husein, así como a maioría dos dirixentes do partido Baath, son orixinarios desta confederación tribal. A tribo do antigo Rais de Bagdad é a tribo de Albu Nasir, localizada entre Samarra e Tikrit. A tribo Albu Nasir tamén ten unha facción xiíta, localizada na zona de Najaf, que tivo un papel fundamental durante a supresión da revolta xiíta de 1991.

Dulaym: Grande e antiga confederación tribal orixinaria do Yemen. Tribos localizadas na zona semidesértica ao sueste de Iraq, foron sempre os gardiáns desta área que limita con Arabia Saudita. Posúen as súas propias milicias armadas e desde 1991 ata o 2000 moitos Dulaym formaron parte dos servizos iraquís de seguridade (Al-Muhabarat Al'Amma). No 2000 tiveron enfrontamentos co exército regular iraquí e os Dulaym pasaron a ser considerados tribos rebeldes ou neutrais. Este comportamento mantense na actualidade.

Gubur: Os Gubur constitúen unha tribo dividida entre dous ramos principais: o sunnita, localizado na rexión entre Tikrit e Mosul, e o xiíta, presente na área entre Kut e a fronteira iraniana. O ramo sunnita ten máis poder, froito dunha longa alianza co réxime de Sadam; axudou ás forzas regulares iraquís durante a revolta de 1991.

Sammar: Constitúe unha das máis importantes tribos de todo o mundo árabe, con cerca de 8 millóns de membros, dos que case 2 millóns están entre Siria e Iraq. Os Sammar iraquís están divididos entre sunnitas e xiítas. O grupo sunnita é coñecido como Sammar Garba, e está localizado ao nordeste de Iraq, xunto á fronteira con Siria. O grupo xiíta chámase Sammar Tuqa, e encóntrase ao longo do río Tigris ao sur de Bagdad. Os Sammar foron aliados importantes do antigo réxime iraquí.

Tribos árabes xiítas

Banu Arid: Tribo localizada na área da cidade santa de Najaf. Os líderes desta tribo organizaron a revolta xiíta de 1991. No entanto, na actualidade hai unha gran tendencia fundamentalista xiíta, que ata agora evitou os contactos coas forzas da coalición.

Hazrail: Esta tribo, á semellanza dos Banu Arid, tivo un papel importante na organización da revolta de 1991, e tamén pagou o prezo da represión do réxime.

Banu Hasan: Habitan a zona limítrofe con Arabia Saudita; en 1991 colaboraron activamente coas forzas de seguridade iraquís para reprimir a revolta xiíta. Pouco antes da invasión americana repudiaron a alianza con Sadam Husein e pasaron á oposición.

Al-Ribat: Tribo dominante da zona de Nasiriyya, foi sempre aliada do antigo réxime iraquí; un dos xenerais da antiga Guarda Republicana era desta tribo. Esta alianza parece que existiu ata a máis recente campaña militar.

Zubaydi: Localizados xeograficamente ao leste de al-Kut e tamén presentes en territorio iraniano. Os Zubaydi defenden que son descendentes directos de antigos guerreiros xiítas que combateron ao lado do imán Ali, fundador do xiísmo, na batalla de Siffin contra os Omíadas en 657. Malia estas nobres orixes, en 1991 a tribo aliouse con Sadam Husein na represión da revolta xiíta⁽²⁵⁾.

Conclusión

A fase actual do Iraq pos Sadam Husein é aínda de moitas incógnitas e poucas certezas. Actualmente, despois de un ano, estamos enfrontados aínda a unha situación na que as diferentes guerrillas continúan a atacar ás tropas da coalición, e a inestabilidade é crecente. O sentimento de inseguridade continúa a dominar na opinión pública iraquí; a maior parte deste sentimento é alimentado polas accións dos delinquentes comúns, xa que 100 mil destes delinquentes foron liberados por Sadam Husein antes do inicio da guerra. Ata hai pouco tempo a contestación contra a coalición centrábase na minoría sunnita; agora o caos propágase á comunidade xiíta. A presenza americana puido espertar ao nacionalismo iraquí. A insatisfacción popular e as dificultades coas que a poboación iraquí se enfronta no día a día crean un clima propenso ao éxito da mensaxe fundamentalista islámica, xa sexa sunnita ou xiíta. Estas son as tentacións populistas e demagóxicas que Iraq terá que afrontar no futuro.

A tarefa de axudar a Iraq a saír dunha longa situación de crise e dunha brutal ditadura continúa a ser unha misión durísima, pero indispensábel. Gran parte deste éxito pasa pola correcta lectura do mapa social iraquí e das forzas que están en xogo. A vía é a do diálogo e a da permanente negociación. A única certeza é que todo este

(25) Extraído de GERVÁSIO, Gennaro: *Doppo lo stato, restano le tribu*, Limes, Rivista Italiana di Geopolitica, nº 2, 2003, pp 121-130.

proceso será longo. Unha das misións da coalición angloamericana é a construción de estruturas político-administrativas robustas, que poidan xestionar independentemente as diferentes tensións internas iraquís, concedéndolles aos propios iraquís unha indispensábel e gradual independencia. A realidade iraquí é, no entanto, refén das estratexias mundiais enerxéticas, e a tentación occidental é a de non concederlles aos iraquís o control dos seus propios bens enerxéticos.

O futuro de Iraq pasa tamén pola rehabilitación da propia dignidade da poboación iraquí, e isto só é posíbel coa restitución do poder á poboación, se ben isto debe acontecer dun modo gradual. Non podemos esquecer que os iraquís viven sen poder expresar libremente a súa vontade política hai case 50 anos. Así pois, os iraquís deben ser axudados ao longo de todo o proceso de transición; esta axuda é esencial, veña de onde veña. As Nacións Unidas poderán tomar conta dunha das fases da solución á crise iraquí, pero a solución final dos problemas será dada polos propios iraquís.

Ivo Simão Mesquita Sobral, doutor en Relacións Internacionais, está a facer un curso sobre “Historia, institucións e relacións internacionais en países non europeos” na Universidade de Pisa, Italia. A súa tese trata sobre a intervención dos Estados Unidos de Norteamérica no Oriente Medio. As súas áreas de estudo son: Oriente Medio, o Golfo Persa, Irán e Asia Central.